


O GALEGO NA BBC DE LONDRES

# 75 ANIVERSARIO DO "Galician Programme"



**B B C**



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

*O autor e coordinador deste traballo quere agradecer fundamente as achegas do especialista no tema e presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes polo seu texto "Os principios da radiodifusión en Galicia" que nos ilumina sobre ese momento de ilusión da primeira metade dos anos trinta; do vicepresidente da Coral de Ruada de Ourense e experto na historia musical galega, Emilio Rodríguez Portabales, pola súa documentadísima achega "A música galega nas emisións en galegos da BBC de Londres (1947-1956).*

*Tamén, agradece a colaboración "Ourense fixo realidade que a BBC falara en galego na Longa Noite de Pedra" do amigo xornalista Xosé Lois Carrión González, neto de Leuter González Salgado, primeiro colaborador das emisións. E agradece a aproximación humana do promotor dos programas, Alexandre Manuel Raimúnez, feita polo seu sobriño, e tamén amigo, Eduardo Raimúnez Fernández.*

*E dun modo especial, ao conxunto da Comunidade Educativa do IES As Lagoas que colaborou con entusiasmo no proxecto, comezando por Xabier Álvarez Cid e Xurxo Soto Fernández que deseñaron, planificaron e montaron con axilidade a recreación do primeiro programa; e seguindo polos profesores, alumnos e persoal non docente que prestaron as súas voces para as lecturas como exemplo, de textos enviados por colaboradores galegos a Londres, e que foron: Ramón Casas López, Carlos Varela, Ilda Vázquez, David Carbajal, Ana Isabel López, Miriam González, e, tamén os devanditos Xabier Álvarez Cid. E desde fóra do centro, Xosé Lois Carrión, que leu un texto do avó.*

*Textos:  
Afonso V. Monxardin*

*Víctor F. Freixanes:  
Os principios da radiodifusión en Galicia*

*Emilio Rodríguez Portabales,  
"A música galega nas emisións en galegos da BBC de Londres (1947-1956).*

*Xosé Lois Carrión González,  
Ourense fixo realidade que a BBC falara en galego na Longa Noite de Pedra*

*Eduardo Raimúnez,  
"Alexandre Raimúnez, meu tío".*

*Voces das lecturas:  
Ramón Casas López, Carlos Varela, Ilda Vázquez, David Carbajal, Ana Isabel López,  
Miriam González, e, Xabier Álvarez Cid, Afonso V. Monxardin, Xosé Lois Carrión.*

*Técnico de son da recreación do primeiro programa:  
Xurxo Soto Fernández*

# ÍNDICE

## 10 IDEAS BÁSICAS

75 anos do "Galician Programme"	Páx. 4
A Radio en Galicia, unha historia tardeira	Páx. 5
O nacemento do "Galician Programme"	Páx. 6
Os colaboradores, unha rede de patriótico amor	Páx. 7
Como era o "Galician Programme"	Páx. 8
Temas e persoas, os números e as caras da ilusión	Páx. 9
A BBC visita Galicia	Páx. 10
A fin dos programas	Páx. 11
Ecos de nós	Páx. 12
Outras emisoras no exterior	Páx. 13

## PREGUNTAS FRECUENTES

Páx. 14

## OS PROTAGONISTAS

Josep Mayné	Páx. 21
<b>Galegos</b>	
Alexandre Raimúndez	Páx. 22
Plácido Castro	Páx. 23
Leuter González Salgado	Páx. 24
Felipe Fernández Armesto "Augusto Assia"	Páx. 24
Xosé Ramón Fernández-Oxea "Ben Cho Shey"	Páx. 24
Francisco Fernández del Riego	Páx. 25
<b>Ingleses</b>	
George Hills	Pax. 26
William Halley	Pax. 26
Ian Jacob	Pax. 27
Leon Shepley	Pax. 27
Nina Epton	Pax. 27
Sir Ivo Mallet	Pax. 28

## PROGRAMAS E COLABORADORES

Recreación do primeiro programa "Galician Programme"	Páx. 29
Índice cronolóxico	Páx. 35
Índice alfabético	Páx. 38

## COLABORACIÓNES ESPECIAIS

"Os principios da Radio en Galicia"	Páx. 41
"Ourense fixo que a BBC falase en galego na Longa noite de Pedra"	Páx. 43
"A música nas emisións en galego da BBC de Londres"	Páx. 4z5
"Alexandre Raimúndez, meu tío"	Páx. 47

## PARA SABER MÁIS

Páx.48



## 75 ANIVERSARIO DO "Galician Programme"

A BBC de Londres tivo entre 1947 e 1956 un programa específico dirixido a Galicia e en galego, o "Galician Programme" impulsado por un produtor da Sección Española, o exiliado ourensán, Alexandre M. Raimúndez.

Así, a primeira vez que o noso idioma contou cunha programa regular de radio foi da man da emisora máis importante do mundo, a BBC.

Dalgún xeito, a radio galega nace, pois, en Londres.

Velaquí a súa historia.

**B B C**



**Alexandre M.  
Raimúndez**



*Aparello de radio AAESA (Anglo Española de Electricidad S.A.) modelo Perseo, 16-Y desde o que Leuter González Salgado, seguía ás emisións desde Ourense.*

1930

1940

1947

1950

1956

## A RADIO EN GALICIA Unha historia tardeira.

A BBC de Londres comezou a emitir en 1922 pero en Galicia non houbo ningunha emisora ata 1933. Daquela nace, en Santiago, a Unión Radio Galicia, promovida polos propagandistas do Estatuto de Autonomía, e así, o galego foi ocupando un pequeno nas ondas con discursos, música e programas populares como o do "Vello dos contos". Despois outras radios apareceron en Coruña e Pontevedra, en 1934, e Radio Ourense e Radio Lugo en 1935.

Uns meses despois, a Guerra Civil española (1936-1939) paralizou aqueles tímidos comezos e fixo da radio un instrumento de propaganda franquista. A pesar de todo, con poucos aparellos e pouca electrificación no medio rural, houbo un seguimento tan intenso das noticias a través dos "partes de guerra" que ata hai ben pouco os vellos chamaban aos noticiarios de

**TALKS (Script only)**

**THE BRITISH BROADCASTING CORPORATION**  
Broadcasting House, London, W.1  
TELEPHONE : LANSHAM 441. TELEGRAMS : BROADCAST, WLEX, LONDON

Our Reference : SA/CT/ BHA 27th January, 194...

DEAR SIR,

We invite you to write a talk as detailed below, for broadcasting or for recording for subsequent broadcast reproduction, upon the conditions printed overleaf. If you accept, kindly sign and return the attached confirmation sheet, or reply otherwise, as soon as possible. (See condition 1 overleaf.)

Title "Galicia Pol-O Mundo" (approx. 15 minutes)

Date by which manuscript required at a future date

Proposed date of first broadcast \_\_\_\_\_

Service Spanish service - Galician programme

Fee £10.10.0d. (ten guineas)

Letters addressed to contributors to the BBC will be forwarded, but for statistical purposes the letters may be opened before being forwarded unless we are notified of any objection. Letters marked "Personal" are forwarded unopened.

Yours faithfully,  
THE BRITISH BROADCASTING CORPORATION,

Sr. Ricardo Cortello Calero  
Calle III - 29.8 - 10  
El Ferrol del Caudillo,  
Spain.

Copyright Department.

1974P 144-B 388  
Ac M2 0249.4

## O NACEMENTO DO "GALICIAN PROGRAMME".

En 1947, illada a España de Franco polo seu comportamento na II Guerra Mundial, o Foreign Office decide apoiar a idea de facer emisións en catalán, galego e vasco, presentada por Josep Manyé e apoiada por Alexandro Raimúndez, ambos xa redactores e locutores da emisora desde 1941.

O Foreign Office controlaba e pagaba todas as emisións ao Exterior da BBC, porque eran unha cuestión clave na de defensa dos intereses británicos no mundo.

En Galicia, lentamente, os galeguistas debíanse adaptar á nova situación para tratar de facer todo o que se puidese para manter viva a cultura e a idea da autonomía, como xa facían os emigrantes en América. Por iso, as 83 emisións do "Galician Programme" da BBC foron seguidas con especial cariño polo que supuñan de continuidade do pasado e esperanza no futuro.



## OS COLABORADORES

### Unha rede de patriótico amor

Durante os primeiros meses Alexandre Raimúndez tivo que organizar os programas cos recursos propios da emisora en Londres: discos da Coral de Ruada; un xornalista amigo, Felipe Fernández Armesto; un lingüista británico amante do galego, castelán e portugués, Stephen Reckert; un barítono inglés, Frederick Fuller; e as gravacións dos maíos en Gran Bretaña que tiña en arquivo a BBC.

En outubro de 1947 Alexandre Raimúndez visita Ourense e organiza con Leuter González Salgado, un plan de apoio ás emisións no que el é o encargado da captación de colaboradores. Os seus primeiros e máis intensos apoios serán Xosé Ramón Fernández Oxea, "Ben Cho Shey" e Francisco Fernández del Riego.

En decembro emítese a primeira colaboración feita en Galicia, "Os feitizos do Outono", de Otero Pedrayo. Despois, durante nove anos, chegarán outras moitas dos que escribirán na revista Nós, ata o punto de estaren presentes en 64 dos 83 programas.

En 1949 incorpórase á BBC Plácido Castro quen será colaborador principal de Raimúndez ata 1954 en que volve a Galicia.



## COMO ERA O "GALICIAN PROGRAMME".

O "Galician programme" emitíase desde a sede de Bush House, en Onda Corta, unha vez ao mes, a noite dos luns, alternando con dous programas en catalán e un en vasco. Eran para a emisora, as "Spanish talks other than in castilian" ou "regional programmes" da Sección Española da BBC.

Comezaban coa sintonía das gaitas da marcha escocesa de Cock of the north, logo Alexandre Raimúndez -ou Pácido Castro- lían as colaboracións chegada de Galicia, a través da embaixada ou por correo ordinario, e remataban cunha peza da Coral de Ruada, tamén con gaitas, como o "Pasacorrediroas da Arnioa" ou a "Muiñeira de Cartelle".

Aínda que non temos gravacións dos propios programas, si conservamos tres coleccións completas dos guións. Unha delas, doazón de Alexandre Raimúndez á Real Academia Galega da que era membro correspondente e as outras dúas dos colaboradores máis directos en Galicia, Leuter González Salgado e Francisco Fernández del Riego.

**SOLISTAS DEL CORO DE RUADA**  
(F. SANTALICES + M. SÁNCHEZ)

25 c/m. etiq. negra. Ptas. 8

RS 1270 MUIÑEIRA DE CARTELLE. Dúo de gaitas.  
PASA CORREDOIRAS D'ARNOYA. Fascalie. Dúo de gaitas, acompañamento tambor y bombo.

RS 1271 MUIÑEIRA DE RUBIÁS. Dúo de gaitas, acomp. tambor y bombo.  
ALBORADA ANTIGUA DE ORENSE. Dúo de gaitas, acomp. tambor y bombo.

RS 1272 CANTO DE SEISTURA. Canto popular gallego, por Faustino Santalices, acomp. zanfona.  
CANTO DE ROMERÍA. Canto popular gallego, por Faustino Santalices, acomp. zanfona.

La COLUMBIA tiene el honor de ofrecer a su estimada clientela los discos electrónicos impresionados por los exitos artistas Modesto Sánchez y Faustino Santalices, el mago de la zanfona.

La zanfona, tocada por Santalices, suena a cosa nueva por la inesperada y señorial elegancia de su sonoridad y de sus notas a un tiempo ágiles, retosnas y gratas.

Toda la región gallega considera a estos dos grandes artistas como los únicos en su género.

De pie: D. Modesto Sánchez.  
Sentado: D. Faustino Santalices.





## TEMAS E PERSOAS

### Os números e as caras da ilusión

O profesor Antonio Raúl de Toro que publicou os guións completos en 1994, sinala que das 111 colaboracións que hai -pois nalgúns dos 83 programas hai máis dunha- 61 tratan de literatura; 35, de etnografía e historia; 10, de biografías de persoeiros; 4, de artes; e 1 de economía.

En total colaboraron no programa de forma directa, con textos ou voces, 33 persoas. Delas, 25 desde Galicia e 8 desde Londres. Logo indirectamente, a través de lectura das súas poesías ou da radiación de discos de palabra ou operas, outras nove máis.

A parte musical estivo composta por gravacións da Coral de Ruada de Ourense, a Coral Polifónica de Pontevedra, algún disco de zanfoña de Faustino Santalices, e as gravacións feitas pola propia emisora de cantantes de ópera españolas en Londres que incluían cancións galegas no seus repertorios.



## A BBC VISITA GALICIA

A BBC no tempo dos programas galegos, prestaba especial atención a España polas múltiples relacións históricas entrambos países, incrementadas polo comercio e turismo en ascenso e tamén polo conflito de Xibraltar, cun país que era a última ditadura de Occidente.

Alexandre Raimúndez proporcionalle aos viaxeiros da BBC contactos para que visiten nas súas estadias galegas. En 1951 Mr. Shepley, director do Servizo para o sur de Europa, -e grande defensor dos programas galegos- visita Vigo e Santiago e volverá en 1956, despois da fin das emisións. A escritora e produtora da BBC Nina Epton, pasará tres meses no verán de 1953, cando grava aos poetas Pura Vázquez e Celso Emilio Ferreiro, para o "Galician Programme" e escribirá un marabilloso libro de viaxes sobre Galicia, "Grapes end Granit".

A mediados de marzo de 1955 terá lugar a transcendente visita de George Hills, Director da Sección Española que percorre Coruña, Vigo e Santiago, visitando institucións culturais como a Real Academia Galega, participando en actos, concedendo entrevistas e facendo a gravación de oito poetas para a BBC 3, que tamén usará Raimúndez no derradeiro dos programas.

**AL HABLA CON TODOS**

**El director de la B.B.C. de Londres para el Sur de Europa dice que Galicia es maravillosa**

**Muy bien concedido el crédito de cien millones de dólares a España, nos manifiesta Mr. Shepley**

Por JOSÉ RAMÓN



La atención sobre Galicia, de las zonas meridionales de la B.B.C. de Londres, desde la presentación de la lista de países a visitar, en el mes de agosto de 1955, fue un éxito. El director de la B.B.C. de Londres para el Sur de Europa, Mr. Shepley, manifestó su interés por Galicia y su deseo de visitar el país.

El crédito de cien millones de dólares a España, concedido por el gobierno británico, fue muy bien recibido por el gobierno español. Mr. Shepley manifestó su satisfacción por el crédito y su deseo de visitar España.

Mr. Shepley visitó Galicia en el mes de agosto de 1955. Durante su estancia, visitó varias ciudades gallegas, incluyendo Santiago de Compostela, Vigo y Coruña. Mr. Shepley manifestó su interés por la cultura gallega y su deseo de visitar Galicia.

Mr. Shepley visitó Galicia en el mes de agosto de 1955. Durante su estancia, visitó varias ciudades gallegas, incluyendo Santiago de Compostela, Vigo y Coruña. Mr. Shepley manifestó su interés por la cultura gallega y su deseo de visitar Galicia.

**Mr. Jorge Hills, director de la Sección de España en la B. B. C. de Londres, en La Coruña**

Antes de llegar a La Coruña, Mr. Jorge Hills Arroyo, Director de la Sección de España en la B. B. C. de Londres, se reunió con Mr. Hillis procedente de Santiago de Compostela, y visitó a Galicia por primera vez. El objeto de su visita...

Mr. Hills llegó a La Coruña, ciudad en la que pasó tres días—trabaja—trabaja tres días.

Mr. Hills nos contó que el entusiasmo de los gallegos por España se traduce, entre otras cosas, en la hospitalidad que existe...

**AL HABLA CON...**

**Mr. HILLS ARROYO, jefe de programas españoles en la B.B.C.**

**Recorre España grabando en cinta magnetofónica nuestra poesía contemporánea**

**Ayer recogió varias composiciones de autores gallegos para la emisión que en el otoño ofrecerán a los ingleses**

Por Santiago VILAS

Mr. Hills llegó antes de ayer procedente de La Coruña y hoy continuará su gira hacia Santiago, Madrid...



## A FIN DOS PROGRAMAS

A mediados dos anos cincuenta os servizos exteriores da BBC fixéronse nas zonas dos novos conflitos mundiais (Oriente Medio, Corea, Vietnam, India, Pakistán...) e deixaron de prestar tanta atención ao sur de Europa.

No ano 1955 incorpórase España á ONU e tamén o fai á Unión Europea de Radiodifusión, a convite do seu presidente, o Director Xeral da BBC, Mr. Ian Jacob.

Pensaron daquela no Foreign Office que para suavizaren as relacións con España a supresión dos programas en galego, catalán e vasco sería ben vista polas autoridades españolas. A decisión non foi ben acollida na BBC pero desde o Foreign Office, mantivéronse firmes e ordenaron a supresión total a partir de xaneiro de 1956.

Desde Galicia os vellos colaboradores vían que se abrían opcións dun traballo cultural rendible na terra (as editoriais Galaxia, Monterrei, Bibliófilos Gallegos, a Real Academia Galega, o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos, a Fundación Rosalía de Castro, os Museos, os xornais no que colaboraban...). Así pois, centráronse noutras cousas. Había moito no que traballar.



*Bush House*

## ECOS DE NÓS

A supresión do "Galician Programme" non supuxo o remate dos traballos de Alexandre Raimúndez na Sección Española da BBC onde continuou ata a súa xubilación. É máis, coincidindo coa súa finalización, e seguindo os canais dos contactos abertos, entrou na emisora o xornalista ferrolán Ramón Lugrís quen estivo ata 1962 combinando xa o traballo na BBC co de correspondente de RNE e colaborador en medios galegos.

Ramón Lugrís foi organizador dun programa especial o 25 de xullo de 1961 con motivo dunha exposición sobre arte románica patrocinada polo Consello de Europa e aberta en Barcelona e Compostela ao tempo. Peditulles colaboracións especiais a Manuel Chamoso Lamas, Ricardo Carballo Calero e Ramón Otero Pedrayo. Así, péchase un círculo de colaboracións en galego enviadas desde Galicia coa mesma persoas que as iniciara.

Despois seguiron outros galegos traballando na emisora en Londres, como Fernando Barreiro Nolla, -entre 1963 e 1969-, Carlos Durão, quen tamén exerceu de redactor no servizo portugués... e na actualidade, desde 2004, a xornalista viguesa de raíces no Ribeiro ourensán, Inma Gil Rosendo.



## OUTRAS EMISORAS NO EXTERIOR

Se ben a BBC foi a primeira emisora no exterior en ter programas en galego e especificamente dirixidos a Galicia, logo houbo e hai outras emisoras que seguiron o camiño aberto. Radio Francia, tivo nos anos setenta, baixo o impulso de Ramón Chao uns programas dirixidos ao mundo galego. Radio Pirenaica, emisora política ligada ao PCE, tiña un programa “De Ribadeo a Tui” tamén en lingua galega nos anos setenta, que se emitía desde Bucarest. Outros programas eran os dirixidos en FM ou Onda Media, ás colectividades de emigrantes. Dentro de España, destaca Cataluña, con máis dunha ducia de programas, algúns deles vivos aínda hoxe, e fóra, en Europa destaca Suíza. Pero, sen dúbida, onde máis houbo, foi en Arxentina e Uruguay. En Montevideo, aínda hoxe, continúa un programa iniciado en 1950, Sempre en Galicia. En Buenos Aires moitos foron os intelectuais que participaron: Luís Seoane, coa emisión “Galicia Emigrante”; Maruxa Boga e Fernando Iglesias “Tacholas” con “Recordando a Galicia” ou con “La Voz de Galicia”. Tamén houbo programas en Venezuela, México.

## Por que non se conservan gravacións?

A radio nace como o teatro, como unha representación viva, varias décadas antes das facilidades de gravación que só aparecen nos anos cincuenta coas gravadoras de bobina aberta e nos finais dos sesenta cos casetes. Antes dese momento, o pouco que se gravaba era sobre discos reciclados continuamente porque eran carísimos. O arquivo

## Houbo outras emisións fóra de Galicia en galego?

Houbo, si. De dúas clases: unhas dirixidas aos habitantes de Galicia, como estas da BBC, ou outras logo de Radio París ou Radio España Independente e, despois, moitas dirixidas aos colectivos de emigrantes. En Europa -Suíza e Barcelona, onde máis- e en América, sobre todo, en Arxentina, Venezuela e Uruguai. Neste último país segue funcionando o programa "Sempre en Galicia" de Radio Carve de Montevideo desde 1950.

## En que ondas transmitían?

Hoxe case toda a música transmítese por FM. Daquela -anos corenta e cincuenta- non había. Fundamentalmente existía a Onda Media -a normal para transmisións locais- e a Onda Corta, cunha características distintas e que chegan a practicamente todo o mundo. A BBC internacional emitía en Onda Corta. Despois, deixouse de usar co auxe de internet e, por desgraza, volveu nos últimos meses por causa da guerra de Ucraína.

## Radiáronse todos as colaboracións enviadas a Londres?

Pois parece que non. Temos polas cartas que se cruzan os organizadores, certeza da chegada de cinco textos de Aquilino Iglesia Alvariño sobre lingua, un de Otero Pedrayo sobre os Camiños de Santiago, e algunha outra cousa que nunca foi radiada. Se cadra porque non se axustaban ao que se precisaba no momento -houbera outros parecidos- ou porque se interromperon os programas.



## Publicáronse todos os textos enviados á BBC?

Ao cabo dun mes de radiados, os dereitos de autor volvían aos colaboradores polo que podían publicalos eles. E conscientes de que as radiacións eran "arte efémera", pois nin quedaban gravados na emisora, Leuter González Salgado intentou desde 1950 que foran publicados xuntos. Non o conseguiu pero foron saíndo en xornais e revistas de Galicia -Correo Gallego, Progreso de Lugo, Grial...- de América, ou incluídas en libros de ensaios. Así no "Prosas Galegas" de Cuevillas, por exemplo, están todas as súas colaboracións e no "Galicia no Espello" de Francisco Fernández del Riego, a maioría das súas.

Posteriormente, en 1994 publicáronse os 83 guións todos xuntos, da man de Antonio Raúl de Toro, en base á colección de Francisco Fernández del Riego.

## Cal era o perfil das colaboracións?

O profesor De Toro identifica 111 colaboracións (nalgúns dos 83 programas hai máis dunha), e clasifica as temáticas das mesmas, do seguinte xeito: Literatura, 61; Etnografía e Historia, 35; Semblanzas de persoeiros, 10; Arte, 4 ; e economía 1.

Un apartado especial serían os programas de comentarios de libros que se ían publicando en Galicia da autoría de Plácido Castro coas informacións que lle enviaba Fernández del Riego.

O único requisito imprescindible, por orde do Foreign Office era que non tocasen ningún tema político ou problemático e tiñan preferencia os relacionados coa vinculación entre Galicia e o mundo da Gran Bretaña.



## Quen eran os colaboradores do "Galician Programme" da BBC?

En sesenta e catro dos oitenta e tres programas, aparecen traballos de xentes que xa colaboraran coa revista Nós, o que se pode entender como un non tan esvaído fío de continuidade.

Hai sobre 120 colaboracións, feitas por unhas trinta persoas.

Entre os máis vellos, nados todos no XIX, destacan Leandro Carré Alvarelos (con 7 colaboracións), Florentino Cuevillas (5), Otero Pedrayo (4), Xosé Ramón Fernández-Oxea (4), Xesús Carro (4), Ramón Villar Ponte (3) e Sebastián Martínez-Risco (2).

E entre os máis novos, xa do XX, Francisco Fernández del Riego (12), Fermín Bouza Brey (6), Aquilino Iglesia Alvariño (4), Leuter González Salgado (3), Ricardo Carballo Calero (2), Felipe Fernández Armesto (2), Ánxel Fole (2), Álvaro Cunqueiro (1) e Afonso Vázquez Martínez (1). Tamén hai colaboracións de xentes máis novas na época da II República que non publicaran en Nós pero si que se estaban incorporando ao galeguismo, como Xosé María Álvarez Blázquez (6), Celso Emilio Ferreiro (3), Rafael Dieste (2) ou Ramón Piñeiro (1).

Outros, normalmente máis novos, tamén achegan colaboracións, Pura Vázquez (2), e cunha única, Emilio Álvarez Blázquez, Xosé Díaz Jácome, Ramón González Alegre, Benito Varela Jácome, e o colaborador da revista Posío de Ourense, valenciano transterrado pola guerra, Teodoro López Sanmartín.

Destacan, tamén, o organizador do programa, Alexandre Raimúndez, con 7 colaboracións e o colaborador principal e responsable da máxima calidade das mesmas, Plácido Castro con 16.

A esta lista hai que engadirle Eduardo Martínez Torner, etnomusicólogo asturiano exiliado en Londres e con dúas colaboracións en castelán; Nina Epton, poetisa hispano-inglesa, cun interesantísimo programa sobre unha súa viaxe por Galicia, do verán de 1953; o barítono inglés Frederick Fuller, con catro colaboracións; e o hispanófilo e galegófilo norteamericano Stephen Reckert, con tres intervencións.

Despois, de Xosé Crecente Vega, hai unha lectura de poemas á súa morte, e de Manuel María con motivo da publicación de Advento, pero sen que conste o seu envío polos autores.

## Quen non colabora no “Galician Programme”?

As ausencias máis significativas serían as de Vicente Risco, Filgueira Valverde, Xoaquín Lorenzo, Antón Fraguas e os emigrantes en América, Luís Seoane e Eduardo Blanco Amor. As razóns, moi diversas. Pode que non se lle pedisen por causas políticas ou ben humanas. Ou pode que non quixesen colaborar. Seguramente cada caso terá a súas causas.

## Música no programa

A música usada era normalmente étnica -gaitas e corais- con predominio absoluto da Coral de Ruada de Ourense. Os seus discos de 1929 debían estar xa nos fondos da BBC e despois, consta que, por exemplo, Faustino Santalices, envía o seu disco da zanfoña para ilustrar o programa.

Tamén hai presenza de música cultura -ópera- en galego, gravada en discos ou recollida en actuacións en Inglaterra, así como de música tradicional e folclórica de temática xacobeá cantada por un barítono inglés. Vede o artigo específico.

## Mulleres?

A presenza da muller é escasa, como acontecía en todas as esferas cultas da época. Hai unha gravación coa voz da poeta Pura Vazquez, quen tamén envía os orixinais do seu poemario *Maturidade*, antes de publicar, para que sexa lido na emisora. Hai tamén, un programa feito pola viaxeira inglesa Nina Epton sobre a súa estadía en Galicia no verán de 1953.

Despois, na parte musical está a presenza de tres sopranos cantando temas galegos: Conchita Badía, Conchita Supervía e Victoria de los Ángeles e algún poema de Rosalía lido. Tamén, por suposto, Plácido Castro vai dando as novidades editoriais e redicións de obras de escritoras.



## Como funcionaba o envío de orixinais?

Nunha viaxe de 1948 Raimúndez encargou a Leuter González que dinamizase as colaboracións. Este escribelle a moitos amigos galeguistas, da época de Nós e do Seminario, solicitándolles textos. Envíanlles e logo remítenos a Londres el ou Ben Cho Shey desde Madrid. Aínda que cando son libros ou discos, usan a Embaixada, Raimúndez prefira que llelos manden a casa, era máis áxil. Desde Vigo, fai o propio Del Riego, directamente, ou a través do Consulado. Despois, desde a BBC, unha vez aceptados, escribenlle directamente aos colaboradores para que asinen a autorización para radiais e o conforme coa pagamento. Despois, cando se vai emitir, pónenlle un telegrama ao autor para que faga propaganda da escoita e oia el tamén o seu texto radiado. Posteriormente Raimúndez envía copias dos guións aos autores e a Leuter e Del Riego, para faceren dúas coleccións completas. En paralelo, fanse as transferencias bancarias polo importe, xunto coa carta de agradecemento.



## Pagaban ben?

A BBC non quería colaboracións gratuítas. Só pagando. Ao principio, co illamento de España, era bastante difícil, despois do ano 1950 xa foi máis fácil. Pagaba a BBC en libras, que era moeda moi cotizada, polo que os colaboradores estaban encantados, pois non había tradición de cobrar na cultura galega. Pagaban en función do volume de traballo emitido. Así hai algunhas de 6,6 libras e outras de 10,10 libras. Ao cambio serían hoxe sobre uns 400 ou 500 euros cada unha. Todos encantados.

## Era legal oír os Programas?

A BBC non era Radio Moscú. Podería ser máis ou menos simpática ao réxime de Franco, pero os seus correspondentes actuaban en plena conexión cos encargados da Embaixada en Madrid, o que unido ao seu carácter estritamente cultural, non produciu especiais problemas. Ademais, as referencias na prensa ás opinións da BBC sobre política internacional, eran continuas. Cando viñan os xefes da BBC de viaxe por Galicia (1951(1953-1955-1956) sempre concedían entrevistas aos medios e falaban do que viñan facer. Non esquezamos de que o inicio dos programas coincide co inicio das publicacións en lingua galega (Cómaros verdes, 1947) e que unha boa parte se desenvolve despois da fundación de Bibliófilos Gallegos e da editorial Galaxia. Incluso nalgunha ocasión, a prensa anunciou programas concretos da BBC, como un sobre Lamas Carvajal en 1949.

## Oíanse moito?

Pois esa é a dúbida. En Galicia, antes da guerra civil, había sobre 2500 aparellos de radio, menos de un por cada mil habitantes. A maior parte da poboación vivía en aldeas sen electricidade, polo que habería grandes dificultades. Pero hai testemuños da época, que indican o contrario. En 1953, Nina Epton, visita o mercado do Grove para gravar o son ambiente, e diante dela, unha peixeira que a acompaña vai voceando que falasen con naturalidade que ían gravar os son para a emisora BBC de Londres, mostra de que todos coñecían a emisora.

## De quen dependía o "Galician programme"?

As emisións en galego da BBC eran un programa -o Galician Programme- da Sección Española, encargado a un redactor da mesma, Alexandre Manuel Raimúndez. Por iso, nin o seu nacemento nin a súa supresión, -nin á dos programas en catalán ou vasco- supuxeron ningún cambio orgánico na emisora.

Como todas as emisións exteriores da BBC dependían do Ministerio de Asuntos Exteriores -o Foreign Office- tanto a súa creación como supresión, foron decisións políticas, nas que tiveron moito peso ás opinións da embaixada inglesa en Madrid.

## Unhas emisións no aire

As relacións entre a BBC e o Foreign Office non sempre foron fáciles. Moitas veces, os xornalistas profesionais británicos desexaban unha cousa -como no caso de manter os programas en galego, vasco e catalán- pero os políticos que decidían tiñan outra idea. E eran os que mandaban. Así as tres linguas seguen un proceso paralelo. Eran todas as "Spanish talks other than in castilian".

## O enfado de Franco

Nun informe interno da BBC o Director para o sur de Europa, Leon Shepley de 15 de decembro de 1955, sinala o que lle contou un membro da embaixada en Madrid, Frank Ide: Franco estaba de fin de semana de pesca no iate Azor, e movendo o dial da radio, colleu a BBC en catalán. Enfadárase todo e comentou o tema, furioso, na reunión do consello de ministros do venres seguinte. Fose certo ou non, foi a desculpa que usou o embaixador Ivo Mallet e o agregado de prensa da Embaixada, Frank Ide, para promoveren a supresión dos programas en linguas distintas do castelán.

## A favor e en contra da supresión?

O responsable dos programas, Alexandre M. Raimúndez; o xefe da sección española, George Hills; o xefe do Servizo para o sur de Europa, León Sheley, e incluso o Supervisor do servizo para toda Europa, Mr. Monahan, estaban a favor de que seguisen os programas cando se discute o tema na segunda metade de 1955.

E contra da continuación estaba o Embaixador en Madrid, Mr. Ivo Mallet; o xefe de prensa da Embaixada, Frank Ide, e consultado o cónsul en Vigo, Alexander Lindsay, tamén era da idea de suprimilos. Con todos estes informes, o día 10 de xaneiro de 1956 o Director do departamento de política informativa do Foreign Office, Señor Cosmo Stewart, asina unha orde dirixida ao Xefe dos Sevizos europeos, James Monahan indicándolle a clausura dos programas nese mesmo mes.

E con isto acaba a historia.

# OS PROTAGONISTAS

## JOSEP MAYNÉ

Redactor da Sección Española da BBC desde 1941, anteriormente fora funcionario da Generalitat de Catalunya destinado en Londres. Moi vinculado aos círculos catalanistas que tiñan na capital británica a principal sede do exilio, usou o pseudónimo de "Jorge Marín" nas ondas e nas súas colaboracións de prensa en castelán en Clarín de Buenos Aires, Excelsior de México, La Vanguardia, de Barcelona, pero sobre todo, na revista Destino desde 1950.

Foi de quen partiu a idea inicial das emisións en linguas distintas do castelán por parte da BBC, apoiada e seguida de inmediato por Alexandre Raimúndez.

Instálase de novo en Catalunya en 1978, despois da súa xubilación e intégrase plenamente na vida cultural, sendo o seu papel moi recoñecido por todos, e participa nos estudos e propostas da Corporació Catalana de Rádío i Televisió, embrión da Televisió de Catalunya e de Catalunya Radio. Recibiu numerosos galardóns, como un dos Premio Ondas da Cadea SER, de 1971, polo seu programa "Picadilly-Puerta del Sol: Londres y Madrid al habla", os premios xornalísticos Avui (1977), Gaziol (1985), Godó (1998), etc.

Pero sobre todo, amosábase orgulloso de súas distincións: a Cruz de San Jordi outorgada pola Generalitat polo seu traballo nas emisións en catalán da BBC, e polo título de "Membro honorario do Imperio Británico outorgado pola raíña de Inglaterra, Isabel II.

Organizou, en 1987, unha viaxe do daquela presidente Jordi Pujol para colocar unha placa na sede da BBC, en Bush House, de agradecemento polos programas en catalán, con motivo do 40 aniversario do seu comezo, que dicía "A la British Broadcasting Corporation, en senyal de gratitud del poble català per radiar en la nostra llengua durant unes èpoques difícils".

Manyé, fixo doazón de todos os fondos documentais ao

**BBC**


**Josep Manyé**  
(1908 - 2000)



# OS PROTAGONISTAS

## GALEGOS



**Alexandre M. Raimúndez**  
(1906 - 1968)



### ALEXANDRE MANUEL RAIMÚNDEZ FERNÁNDEZ

Nace en Ourense en 1906, e con dezaseis anos, en 1922, marcha a Vigo a estudar na Escola Pericial de Comercio. De alí pasa a Madrid onde remata os estudos na Escola de Comercio en xuño de 1928, e non tarda en incorporarse como Profesor auxiliar da Escola de Altos Estudos Mercantís de Madrid.

En Madrid coquetea coa masonería, coas teorías da revolución de Ramiro Ledesma Ramos, asinando o manifesto "La conquista del Estado" e participa no asociacionismo na capital a través do "Secretariado Gallego" e da súa participación na directiva do Ateneo.

En 1935 aproba as cátedras de xeografía para a Escola de Comercio de Barcelona, onde o colle a Guerra Civil. Ao finalizar esta, exiliado, pasa polo campo de concentración de Argelès-sur-Mer, e chega a Inglaterra en maio de 1939.

Inicialmente pensa en trasladarse a América, pero encontra traballo na BBC cando a emisora busca locutores e redactores para as súas emisións a España. Será unha das voces da BBC que retransmita a II Guerra Mundial ao interior. Redactor da Sección Española encargárase dos programas galegos desde o seu comezo ata a súa finalización. Despois, seguirá traballando na emisora ata a súa xubilación. Visita Galicia en varias ocasións, nunha delas, en 1948 para organizar o envío de colaboracións desde Ourense.

Casado coa inglesa Louise Elisabeth Stevens en 1948 non terá fillos. Adquire a nacionalidade británica en 1955. Compatibilizou o seu traballo na BBC co de traductor para axencias das nacións europeas en Suíza e Italia nos veráns dos anos cincuenta. Moi amigo de Xosé Ramón Fernández-Oxea, Ben-Cho-Shey, mantivo unha fluída epistolar con el e con Leuter González Salgado. Foi, sen dúbida, a figura central das emisións galegas. Enterrado no cemiterio de Torqay, deixou escrito na súa lápida mortuoria, "Inda que lonxe da súa terra, o espírito está sempre nela, Sempre en Galicia".



## PLÁCIDO CASTRO

É un personaxe moi singular dentro do galeguismo. Cosmopolita de formación multilingüe pola súa educación en Inglaterra desde o seis anos ata a súa etapa de adulto, comezou a colaborar na prensa galega de forma constante desde febreiro de 1927 enviando as súas crónicas desde Londres a El Pueblo Gallego e A nosa Terra. Reputado tradutor e poeta e pensador, veu vivir a Galicia canda a II República; foi fundador do Partido Galeguista onde desenvolve a Secretaría de relacións Internacionais e participa na súa representación nas actividades da Sociedade das Nacións en 1933. Despois da guerra, padeceu o exilio interior, ata que en 1949 chega a Londres de novo, onde permanecerá ata Nadal de 1954. Así, pois, sen estar nin no comezo nin na fin dos programas, indubidable é quen se deben os mellores programas elaborados en Londres dos anos centrais.

Os seus focos de interese serán Irlanda e o celtismo; a saudade; a modernización turística de Galicia.


Será a persoa que máis e mellores colaboracións achegue aos programas. Das dezaseis, unhas serán de elaboración moi persoal, destacando os temas da saudade e historia, outras traducións de poesías inglesas, e ata onde comentarios de novidades bibliográficas en relación con Galicia. A súa primeira será o día 4 de xullo de 1949, cunha tradución ao de poemas de Chistina Rossetti, poeta romántica que o Plácido asimila a Rosalía. A derradeira, no programa 72, un comentario de novidades bibliográficas en Galicia, pregravado o día 22 de novembro de 1954.

Desde decembro de 1954 vive en Galicia onde exerce como profesor de Inglés en Vilagarcía atra a súa morte en 1968.



**Plácido Castro**  
(1902 - 1967)





**Leuter González Salgado**  
(1899 - 1977)

## LEUTER GONZÁLEZ SALGADO

Mestre galeguista do núcleo ourensán. "O noso Leuter" chamáballo o seu íntimo amigo Otero Pedrayo. Foi o encargado por Raimúndez de recoller e reenviar as colaboracións de Galicia ao programa, en 1948. Como primeiro concelleiro e deputado provincial galeguista, participou na emisión inaugural da primeira emisión de radio en Galicia, a Unión Radio Compostela, o 15 de xaneiro de 1933.



## FELIPE FERNÁNDEZ ARMESTO "Augusto Assia"

Xornalista e escritor galego de vida moi cosmopolita. Viviu en Alemaña nos tempos do ascenso do nazismo, expulsado, foi correspondente de La Vanguardia en Londres. Despois de facer a Guerra de España na prensa da parte sublevada, volveu a Londres onde foi unha forte voz aliadófila nos anos da II Mundial. Cubriu o proceso de Nuremberg e morou en Londres ata 1950 en que se traslada a Nova York ata 1964 en que volve e monta unha explotación agraria exemplar, en Xanceda, Lugo. Seguiu colaborando coa prensa ata 1987. Tiña multitude de premios, entre outros a medalla Castelao e a de Cabaleiro da Orde do



**Felipe Fernández Armesto**  
"Augusto Assia"  
(1904 - 2002)



**Xosé Ramón Fernández-Oxea**  
"Ben Cho Shey"  
(1896 - 1988)

## XOSÉ RAMÓN FERNÁNDEZ-OXEA "Ben Cho Shey"

Escritor, mestre, etnógrafo e investigador ourensán, amigo de Alexandre M. Raimúndez, que despois da guerra civil, é trasladado a Extremadura e logo Madrid, onde exercerá de dinamizador cultural en relación coa colectividade galega. Enviaba traballos propios e alleos a través da embaixada de Madrid, ou directamente. Etnógrafo alumno de Cuevillas, é o promotor da recuperación dos maios en Ourense. Tratou por todos medios, de que chegasen á BBC protestas pola supresión dos programas galegos.



## FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Baixo o heterónimo de "SALVADOR LORENZANA" foi un dos principais colaboradores das emisións galegas, sobre todo a través dos envíos de materiais bibliográficos para que Plácido Castro fixese os seus programas de crítica literaria. Desde Galaxia, dinamizará as colaboracións de amigos galeguistas así como será un dos que reciba aos enviados da BBC cando visiten Galicia, e de aí, lle vén a grande amizade que tivo coa escritora británica, Nina Epton. Como o galeguista vello que máis viviu, nas súas memorias deu luz ás súas lembranzas sobre o tema.



**Francisco  
Fernández del  
Riego**  
(1913 - 2010)



# OS PROTAGONISTAS

## INGLESES

### GEORGE ALBERT MANUEL HILLS

Foi un xornalista e historiador hispano-británico -fillo de inglés e navarra- moi activo na II Guerra Mundial, e na posguerra correspondente en Arxentina -moi próximo a Perón nas fins dos anos corenta. Exerce como xefe do Servizo Español da BBC desde 1951 a 1959. En 1955 visita Galicia, -Coruña, Vigo, Compostela- facendo gravacións de poetas en galego que utilizará nun programa para público británico da BBC 3, ao tempo que se usarán para o derradeiro programa das emisións galegas, en xaneiro de 1956. Como historiador, as súas especialidades serán a Guerra Civil española, a cuestión de Xibraltar e a biografía de Franco. Moi próximo ás grandes decisións do Foreign Office, é un católico moi activo nas peregrinacións a Lourdes. Desde 1959 leva a sección de formación de xornalistas da BBC, o na transición política actúa en España como impulsor da Universidade Francisco de Vitoria en Madrid, e no asesoramento para a posta en marcha das radios e televisións autonómicas, entre elas a CRTVG.

A derradeira vez que visitou Galicia foi en 1994 en que se reencontrou con Francisco del Riego.



**George Albert  
Manuel Hills**  
(1918 - 2002)



**William Haley**  
(1901 - 1987)

### WILLIAM HALEY

Director Xeral da BBC entre 1944 a 1954. Persoa de grandes intereses culturais, -foi editor xefe da Enciclopedia Británica e promotor do Terceiro Programa da BBC, a radio cultural- foi durante o seu mandato cando se puxeron en marcha as emisións en galego.




## IAN JACOBS

Director Xeral da BBC entre 1952-59. Grande amigo de Churchill, foi antes de Director Xeral, xefe dos servizos europeos da emisora nos tempos en que se puxeron en marcha os programas galegos. Tamén, como presidente da Unión Europea de Radiodifusión foi o que convidou en 1955 a entrar España na mesma e estaba á fronte da emisora na fin dos programas, en 1956.



**Ian Jacobs**  
(1899 - 1993)



## F.L.M. SHEPLEY

Foi o xefe dos servizos da BBC para o sur de Europa, grande defensor da continuación dos programas galegos en 1955 cando o Foreign Office decide eliminalos. Visitou Galicia en varias ocasións, a primeira, recollida na prensa en 1951

### F.L.M. Shepley

*Durante a gravación dun programa*

## NINA EPTON

Xornalista e escritora británica, filla de escoces e andaluza, integrada na sección canadense da BBC e activísima autora de libros de viaxes. Visita Galicia, por primeira vez en 1953 en que trae da emisora contactos cos colaboradores do Galician Programme. Froito desta viaxe -que logo repetiría en numerosas ocasións- é unha fonda amizade con Ramón Piñeiro e Francisco del Riego, e a redacción dun libro delicioso, "Grapes and Granite, in Spanish Galicia", 1956, traducido ao galego en 1995, como "Uvas e Granito. Unha viaxe por Galicia".



**Nina Epton**  
(1903- 2010)





**Ivo Mallet**  
(1900 - 1988)

## SIR IVO MALLET

Diplomático inglés de longa traxectoria, moi activo na postguerra mundial en Austria e logoeslavia, foi embaixador en España entre 1954 e 1960. Enviado por Churchill para achanzar relacións con estado español é, parece, de quen xorde a idea da supresión dos programas nas linguas distintas do castelán. Consultado o cónsul en Vigo, Alexander Lindsay, tampoco se opón.



### INTRODUCCIÓN

Reconstrución do programa inaugural das emisións en galego da BBC, da noite do 14 de abril de 1947. As sintonías e de apertura e peche son as orixinais. A do inicio "The Cock o' the North", marcha militar escocesa dos Gordon Highlanders, en versión de "Pipes and Drums of the Gordon Highlanders"; a da fin do programa, o "Alalá de Bande", foi gravado pola Coral de Ruada en 1929 baixo a dirección de Daniel González, e como gaiteiro, Virxilio Fernández.

O dito polo locutor Alexandre Raimúndez, está na voz de Afonso Vázquez-Monxardín. O texto dito por Felípe Fernández Armesto, vai na voz de Xavier Álvarez Cid. O técnico de son responsable da montaxe e tratamento, Xurxo Rodríguez Fernández.



Guión das cinco páxinas do programa inaugural segundo a copia enviada a Eleuterio González Salgado.



75

JBC

SPANISH PROGRAMME  
Monday night, 14th April, 1947  
23.45 - 00.15 DUST

GALICIAN PROGRAMME - 1

Edited by Javier Fernández

RECORD : PAR.F.3326 - Signature Tune : "Cock of the North".  
1st band. 30".

COMPERE : Emisora de Londres da BBC.

O'lo Programa d'ista noite damos comenzo as nosas transmisións en lingua gallega. Istes programas serán radiados os luns, as onces e cinco d'a noite, alternándoseos c'os programas en lingua catalana e en lingua vasca.

Pra ista Programa inaugural hemos invitado o escritor gallego Don Felipe Fernández Armesto, (Augusto Assia) quen lles vai a falar das relacións culturais entre Inglaterra e Galiza.

O Señor Fernández Armesto :

MAN'S VOICE : (RELACIÓNS CULTURAIS ENTRE INGLATERRA E GALIZA",  
Felipe Fernández Armesto).

Nunca teño sido un admirador demasiado fervente das invencións. Vexoas co'a desconfianza d'un-a raza gr'a que os beneficios d'o progreso sempre trouxeron as costas doores e calamidades sin conto. No embargantes, por esta noite, e menos, abenzorada sexa a radio que me permite falarlle desde Londres os gallegos, nas montañas da Serra Secundeira, as veiras do Miño ou o pé d'as rías.

Parezme q' a BBC non podería prestar millor servizo a causa das relacións entre a España i-a Inglaterra q' o de estas transmisións n'os idiomas regionais sobre os aspectos d'o intercambio entre as culturas regionais españolas i-as culturas



británicas. Solo a mais torpe miopia política e espiritual pode por en contraposición a grandeza d'a culturas rexionaes co'a grandeza d'a cultura hespañola. O cual e algo así como querer faguer un gran riu sin afluentes.

Precisamente a gloria mais manifesta d'a cultura hespañola e a sua variedade, a riqueza de maticos i-a diversidade d'orixens. A grandeza da Galiza ou, pr'o caso a de Cataluña i-o Pais Vasco, non son a meraa d'a grandeza da Hespaña senon os seus sumandos, tan importantes, tan esenciaes como os de Castela, Andalucía ou Extremadura. Nin os idiomas respectivos, enemigos d'o castelan senon seus aliados, seus colaboradores, e hasta sous laboreiros pois a traves a d'aís chega as gallas d'a arbore cultural hespañola o zume d'a terra.

Pol-o q'a Inglaterra fai referencia, o seu interés pol-diversidade cultural hespañola non e un interés achado agora de repente. Cofíndome a cuestión q' me corresponde a min, q' e o da cultura galega o primeir libro q' es escribiu nunca sobre a Galiza, d'inde os romanos pr'aca, esta escrito en inglés. Apareceu n'o século XIV e titulase en inglés da época "THE WAY FROM THE LOND OF ENGELOND UNTO SENT JAMEZ IN GALIZ".

Pr'ic autor da primeira guía do camiño de Sant-Iago, os galegos somos "xentes moi bien portadas, de moita cultura e moi versadas n'os países extranxeiros".

Iste e o primeir eloxio sober os galegos d'un inglés. Logo habianse de repetir incesantemente d'un-a n'outra xeneración. Eu son coleccionista de libros escritos por extranxeiros sober a Galiza. E o'lo catalogo d'a miña colección a vista pode decir q'os q'a todol-os outros povos xuntos. D'ind'o época de Shakespeare apenas pasa ningun-a xeneración sin que se publique en Inglaterra algun libro arredor d'a nosa Terra.

Un-as veces descripcios de viaxes outras estudos sobre as peregrinacións, outras investigacións xeolóxicas, outras guías de

75

cibdades. Un-a guía de Sant-lago deu aquí lugar a un dos mais barullentos pleitos sobre plaxio que rexistran os principios d'este século. Eu teño o uneco exemplar q' existe d'a edición plaxio, mandada queimar pol-os xuíces. Regalouno o Director d'a Biblioteca d'o Museo Británico, Sir Henry Thomas.

Excepto o pintoresco, incisivo Borrow qe na "Biblia en España" da un-a interpretación un tanto caustica d'a Galiza, todol-os escritores ingleses derretense en probas d'admirazón e amistades .

"A nobreza e un arte natural en Galiza" dice Hartley n'o seu delicioso libro "Un veras na Terra Galega".

Pr'a Hume, o mais grande hispanista conque contan as letras inglesas, as nosas cualidades resisten comparación "co-as d'os millares europeos".

Hume, foi, por certo, o Presidente d'a Sociedade Anglo-Galega da que o Presidente honorario era o arzobispo de Sant-lago. Esta sociedade que chegou a ter aquí un-a certa importancia propunase atraer estudantes ingleses hacia Galiza e galegos hacia Inglaterra.

Por outro lado Inglaterra sempre exerceu un-a grande atracción sober os galegos. Sin necesidade de remontarnos o trasego d'as épocas celtigas que deixou entre nos i-a Inglaterra de Oeste, Gales e Escocia a comunidade da gaita, a muiñeira, os contos de bruxas, a semellanza de facciós a tantas palabras idénticas aínda agora me enterei en Cornoalles de que alí, chamá-selle "laer" a un recinto sagrado; ("laer" e indudablemente a nosa palabra lar que de recinto sagrado pasou a significar entre nos cobixo da familia ou fogar); sin necesidade de remontarnos o orixen celtigo, os galegos foron sempre os hespañoles que millor comprenderon o carácter inglés, e non so o comprenderon senon q'lo interpretaron.

75

antes de nascer Shakespeare, un galego, Arnaldo Arias, facía versos en inglés. De todos-os subaixadores acreditados ante a Corte de San Jaime, nunca ningún tivo influencia n'a Corte i-a popularidade entre o pobo inglés que disfrutou o conde de Gondomar; un galego. O escritor estranxeiro que de mais preeminencia goza oxa en Inglaterra e que escribe o inglés con mais primor, e un galego; don Salvador de Madariaga.

Isto pra citar se uns cuantos exemplos.

A antoloxía de poesías estranxeiras feita pol-a Universidade de Oxford comenza o tomo portugués cun-a cantiga de amigo de El rei Sancho I.

COMPERE : ("Cantiga de amigo" by King Sancho I).

Ai eu coitada como vivo  
en gran cuidado por meu amigo  
que ei alongado : muito me tarda  
o meu amigo na Guarda.

Ai eu coitada como vivo  
en gran desejo por meu amigo  
que tarda e non vejo : muito me tarda  
o meu amigo na Guarda.

MAN'S VOICE : E Sigue con "Barcarola" de Joan Zorro.

COMPERE : ("Barcarola" by Joan Zorro).

Per ribeira do río  
vi remar o navio  
e sabor ei da ribeira !

Per ribeira do alto  
vi remar o barco,  
e sabor ei da ribeira !

Vi remar o navio  
u vai o meu amigo,  
e sabor ei da ribeira !

Vi remar o barco  
u vai o meu amado,  
e sabor ei da ribeira !

U vai o meu amigo :  
quer-me levar consigo,  
e sabor ei da ribeira !

75

U vai o meu amado :  
quer-me levar de grado,  
e sabor ei da ribeira !

MAN'S VOICE : E acaba c'oa mais fermosa poesia escrita en tod'o mundo durante o século Desanove. A sua autora e (-l-e pronunciar o nome o tremecer d'os labios repercute n'o corazon-) Rosalia Castro. "Airiños, airiños, aires".

COMPERE : ("Airiños, airiños, aires" by Rosalia Castro -1837-1935)

Airiños, airiños, aires  
airiños, da miña terra,  
airiños, airiños, aires,  
airiños, levaime a ela !

MAN'S VOICE : Mais tamén e verdade que nos derradeiros tempos a Inglaterra senon se voltou de costas a Galiza, non lle ten dado as nosas cousas a atención d'outros tempos. Sin ir mais lonxe poetas d'a xeneración malograda coma Amado Carballo, Manoel Antonio e Fermin Bouza Brey non están traducidas o inglés, nin o están tampouco ainda os d'a xeneración madura : Ramón Cabanillas, Lugris Freire e Herioga Varela. Agardemos que istos programas inicien un renovado interés.

COMPERE : Acaban d'escoitar o escritor galego Don Felipe Fernández Armesto (Augusto Assis) que disertou sobrás relacións culturais entre Inglaterra e Galiza.

Isto programa será retransmitido o próximo miércoles as duas e vinte minutos da tarde.

A todos os nosos ouvintes, Boas noites.

RECORD : COLUMBIA W.K.1416 - Signature Tune : "Alalá de Bando".  
Last Band. 15".

## LISTAXE DAS EMISIÓNS DOS "GALICIAN PROGRAMME" DA BBC

(Ordenados por número de programa, data de emisión, nome do colaborador, título do texto)

1	1947-04-14	Fernandez Armesto, Felipe	As relacións culturais entre Inglaterra e Galiza
2	1947-05-12	Raimúndez, Alexandro	A festa dos maios na Gran Bretaña
3	1947-06-09	Reckert, Stephen	Galiza: Oucidente da romanía e sur da Celtia
4	1947-07-24	Fernandez Armesto, Felipe	Santiago de Compostela. Peregrinaxes e cultura galega
4	1947-07-24	Fuller, Frederick	Canciones Jacobeas no gallegas
4	1947-07-24	Raimúndez, Alexandro	Salutación. Santiago, 1947
5	1947-09-22	Reckert, Stephen	Individualismo español e individualismo galego
6	1947-11-03	Reckert, Stephen	E extroversión española e a introspección galega
7	1947-12-08	Otero Pedrayo, R	Os feizizos do outono
8	1948-01-05	Fuller, Frederick	Interpretación das cantigas seleccionadas
8	1948-01-05	Fuller, Frederick	As festas de Nadal, Aninovo e Reis en Gran Bretaña
8	1948-01-05	Martínez Torner, Eduardo	Selección música
8	1948-01-05	Ramón Fernandez-Oxea, X.	As festas de Nadal e Aninovo e Reis en Galiza
9	1948-02-00	Cuevillas, Florentino	Relacións prehistóricas entre Galiza e as Illas Británicas
9	1948-02-00	Fernandez del Riego, Fco.	O celtismo na poesía de Pondal
10	1948-03-15	Fernandez del Riego, Fco.	En lembranza de Manuel Murguía
11	1948-04-19	Raimúndez, Alexandro	Recitado de poemas de <i>Cómaros Verdes</i> de Aquilino Iglesia.
11	1948-04-19	Vázquez Martínez, Alfonso	A primavera, o Miño e a lamprea
12	1948-05-17	González Salgado, Eleuterio	O vacuno na Galiza, importante riqueza
13	1948-06-14	Chamoso Lamas, Manuel	Ribadavia, lenda, historia e realidade dunha vila
14	1948-08-30	Fernandez del Riego, Fco.	García Lorca, poeta en galego.
15	1948-09-27	Fernandez del Riego, Fco.	Dúas xeracións ao servizo de Galicia
15	1948-09-27	Raimúndez, Alexandro	Recitado de poemas de <i>Codeseira</i> de Xosé Crecente Vega
16	1948-10-11	Ferreiro, Celso Emilio	Navigantes pontevedreses
17	1948-11-22	Cuevillas, Florentino	O outono en Galicia
18	1948-12-17	Carro García, Xesús	O cerramento da Porta Santa da Catedral de Santiago
19	1949-02-07	Carballo Calero, Ricardo	Galicia polo mundo
20	1949-03-01	Fuller, Frederick	Canta "Lonxe da Terriña", Texto Aureliano Aureliano Pereira, Música Xoan Montes
20	1949-03-01	González Salgado, Eleuterio	Notas para a historia dun home de acción: Eduardo Chao Fernández
21	1949-05-09	Iglesia Alvariño, Aquilino	Os sapos líricos de Galicia
22	1949-06-06	Bouza-Brey, Fermín	As traducións inglesas dos poemas de Pondal
23	1949-07-04	Castro, Plácido	Christina Rossetti, en galego.
23	1949-07-04	Ferreiro, Celso Emilio	Curros Enriquez en Londres
24	1949-09-19	Bouza-Brey, Fermín	Unha hora na paz do Cemiterio de Noia
24	1949-09-19	Dieste, Rafael	As colectividades galegas de Bos Aires
25	1949-10-24	Carré Alvarelos, Leandro	O teatro galego
26	1949-11-14	Cuevillas, Florentino	No centenario de Lamas Carvajal
26	1949-11-14	Otero Pedrayo, R.	Homenaxe a Lamas Carvajal

27	1949-12-19	Carré Alvarellos, Leandro	O mariscal Pardo de Cela
28	1950-02-06	Castro, Plácido	Dous libros galegos que nos chegan de América: " <i>Cos ollos no espírito</i> " e " <i>Poesía inglesa e francesa vertida ao galego</i> "
29	1950-03-13	Castro, Plácido	Castelao
29	1950-03-13	Otero Pedrayo, Ramón	Castelao
29	1950-03-13	Raimúndez, Alexandre	Lectura de " <i>Os cruceiros</i> " de <i>Cousas</i> de Castelao
30	1950-05-01	Fernández del Riego, Fco.	Manuel Antonio: Un poeta do mar
30	1950-05-01	Fole, Anxel	Lembranza de Xesús Corredoira
31	1950-06-12	Castro, Plácido	Un galego na corte dos estuardos: O Conde de Gondomar
32	1950-07-10	González Salgado, Eleuterio	San Benito de Cova do Lobo
33	1950-09-04	López Sanmartín, Teodoro	Anibal e os galegos
33	1950-09-04	Piñeiro, Ramón	A poesía de Pimentel na lírica galega
34	1950-10-02	Fernández del Riego, Fco.	Tres símbolos do XIX galego
35	1950-11-13	Carballo Calero, Ricardo	Poesías paralelas: Amado Carballo e Manuel Antonio
35	1950-11-13	Fernández de la Vega, Celestino	Dous escritores ingleses na Praza Maior de Lugo
36	1950-04-12	Carro García, Xesús	Unha visita ao mosteiro do Sar
36	1950-04-12	Castro, Plácido	A recente produción literaria galega
37	1951-01-01	Dieste, Rafael	Un conto da noite de reis
38	1951-02-05	Iglesia Alvariño, Aquilino	Un enciclopedista galego: Armando Cotarelo Valledor
38	1951-02-05	Ramón Fernandez-Oxea, X	O Antroido en Galicia
39	1951-03-12	Castro, Plácido	A recente produción literaria galega
39	1951-03-12	Martínez-Risco, Sebastián	Concepción Arenal
40	1951-04-23	Carré Alvarellos, Leandro	Historia da novela galega
41	1951-05-21	Cuevillas, Florentino	As cruces de pedra na Galiza
42	1951-06-25	Castro, Plácido	A recente produción literaria galega
42	1951-06-25	Varela Jácome, Bentio	A noite de San Xoán en Galicia
43	1951-10-22	Cuevillas, Florentino	No centenario de Curros Enríquez
43	1951-10-22	Villar Ponte, Ramón	Curros Enríquez, o poeta da liberdade
44	1951-12-03	Castro, Plácido	A recente produción literaria galega
44	1951-12-03	Fole, Ánxel	Paisaxe e saudade
45	1952-01-07	Carré Alvarellos, Leandro	Tradicións de Nadal
46	1952-02-25	Carro García, Xesús	O botafumeiro da catedral de Santiago
46	1952-02-25	Castro, Plácido	A recente produción literaria galega
47	1952-03-31	Castro, Plácido	A poesía inglesa e o espírito céltico
48	1952-05-05	Villar Ponte, Ramón	Inglaterra vista por Nicomedes Pastor Díaz
49	1952-06-16	Martínez Torner, Eduardo	Un aspecto da prosa de Valle Inclán
50	1950-09-01	Castro, Plácido	A recente produción literaria galega
51	1950-09-29	Castro, Plácido	Do inglés ao galego, un feixe de poesías
52	1952-11-03	Otero Pedrayo, Ramón	Fray Jerónimo Feijoo
53	1952-12-29	Álvarez Blázquez, Xosé M <sup>a</sup> .	Presencia galega na literatura do Nadal
54	1953-01-26	Castro, Plácido	A recente produción literaria galega
54	1953-01-26	Fernández del Riego, Fco.	En memoria de Castelao
55	1953-03-02	Iglesia Alvariño, Aquilino	O primeiro milenario do mosteiro de Sobrado

56	1953-04-13	Ramón Fernandez-Oxea, X.	As imaxes relixiosas inglesas en Galicia
57	1953-05-11	Villar Ponte, Ramón	Frai Martín Sarmiento: un precursor do galeguismo.
58	1953-06-22	Álvarez Blázquez, Xosé M <sup>a</sup> .	Centenario do primeiro libro publicado en galego no século XIX, <i>A gaita gallega tocada polo gaiteiro</i> de Pintos
59	1953-07-20	Castro, Plácido	A recente produción literaria galega
60	1953-08-17	Fernández del Riego, Fco.	Xeracións de escritores galegos
61	1953-09-21	Álvarez Blázquez, Xosé M <sup>a</sup>	Un novo capítulo no teatro galego: o <i>Entremés famoso sobre a pesca no Río Miño</i> .
62	1953-11-02	Epton, Nina	Una inglesa en Galicia
62	1953-11-02	Ferreiro, Celso Emilio	Cántico do Alalá na praia de Coruxo
62	1953-11-02	Pescadores Grove	Canción de pescadores, dirixidos por Francisco Caneda
62	1953-11-02	Vázquez, Pura	Recitado do poema Xurdimento de Amor
63	1953-12-07	Raimúndez, Alexandre	Lectura de "O traxe do meu tío" de <i>A lus do Candil</i> , de Fole
64	1954-02-04	Bouza-Brey, Fermín	O ciclo de Nadal na tradición popular de Galicia
65	1954-03-08	Santalices, Faustino	O romance de don Gaiferos.
66	1954-03-22	Vázquez, Pura	Unha selección de poemas de <i>Maturidade</i> , inédito
67	1954-04-26	Castro, Plácido	A recente produción literaria galega
68	1954-06-07	Fernández del Riego, Fco.	O galeguismo de Valle Inclán
69	1954-07-19	Carro García, Xesús	Compostela nas festas do Ano Santo
70	1954-09-06	Carré Alvarellos, Leandro	Lendas irlandesas relacionadas con Galicia
71	1954-11-22	Álvarez Blázquez, Xosé M <sup>a</sup>	Unha crónica medieval inédita: a Crónica de 1404
72	1955-02-07	Castro, Plácido	A recente produción literaria galega
73	1955-03-21	Fernández del Riego, Fco.	O país de Valdeorras
73	1955-03-21	Martínez Torner, Eduardo	Curiosidad Literaria
74	1955-04-25	Fernández del Riego, Fco.	Lembranza de A. Fitz.Gerald Bell
75	1955-05-23	Carré Alvarellos, Leandro	A poesía festiva galega
76	1955-06-20	Álvarez Blázquez, Xosé M <sup>a</sup> .	O renacer da prosa galega
77	1955-07-18	Bouza-Brey, Fermín	Mitos e costumes da festa de San Xoán en Galicia
78	1955-08-15	Raimúndez, Alexandre	Recitado de poemas de <i>Advento</i> de Manuel María
79	1955-09-17	Ramón Fernández-Oxea, X.	Despois da colleita
80	1955-10-10	Bouza-Brey, Fermín	Un embaixador galego na corte inglesa: Don Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar
81	1955-11-07	Fernández del Riego, Fco.	Literatura universal na lingua galega
82	1955-12-05	Carré Alvarellos, Leandro	Libros ingleses que falan de Galicia
83	1956-01-23	Álvarez Blázquez, Emilio	Recitado de "Tríadas de Santiago" e "morte no Campo"
83	1956-01-23	Álvarez Blázquez, Xosé M <sup>a</sup>	Recitado "O neno", "Descoberta da Terra",
83	1956-01-23	Bouza-Brey, Fermín	Recitado "Trova das sete naos" e "Nao senlleira"
83	1956-01-23	Cunqueiro, Alvaro	Recitado de "Canción do amor cortés" e "Illa"
83	1956-01-23	Díaz Jácome, José	Recitado "A lenda do Cristo"
83	1956-01-23	González Alegre, Ramón	Recitado "Arousa" e "Cantiga"
83	1956-01-23	Iglesia Alvariño, Aquilino	Recitado "Por un espello de Lembranzas", "Eu vou no tren"
83	1956-01-23	Martínez-Risco, Sebastián	Recitado "Canteiros", "O chaleque"

Os textos íntegros dos oitenta e tres guións poden ser consultados na obra de Antonio Raul DE TORO, *Galicia desde Londres. Galicia, Gran Bretaña e Irlanda nos programas galegos da BBC (1947-56)*, ed. Tambre, A Coruña (1994).

## LISTAXE ALFABÉTICA DE COLABORACIÓNS DOS "GALICIAN PROGRAMME" DA BBC

(Co nome colaborador, título do texto, data da súa emisión e número do programa)

Álvarez Blázquez, Emilio	Recitado de "Tríadas de Santiago" e "morte no Campo"	1956-01-23	83
Álvarez Blázquez, Xosé M <sup>a</sup>	Un novo capítulo no teatro galego: o <i>Entremés famoso sobre a pesca no Río Miño</i> .	1953-09-21	61
Álvarez Blázquez, Xosé M <sup>a</sup>	Unha crónica medieval inédita: a Crónica de 1404	1954-11-22	71
Álvarez Blázquez, Xosé M <sup>a</sup>	Recitado "O neno", "Descoberta da Terra",	1956-01-23	83
Álvarez Blázquez, Xosé M <sup>a</sup> .	Presencia galega na literatura do Nadal	1952-12-29	53
Álvarez Blázquez, Xosé M <sup>a</sup> .	Centenario do primeiro libro publicado en galego no século XIX, <i>A gaita gallega tocada polo gaiteiro</i> de Pintos	1953-06-22	58
Álvarez Blázquez, Xosé M <sup>a</sup> .	O renacer da prosa galega	1955-06-20	76
Bouza-Brey, Fermín	As traducións inglesas dos poemas de Pondal	1949-06-06	22
Bouza-Brey, Fermín	Unha hora na paz do Cemiterio de Noia	1949-09-19	24
Bouza-Brey, Fermín	O ciclo de Nadal na tradición popular de Galicia	1954-02-04	64
Bouza-Brey, Fermín	Mitos e costumes da festa de San Xoán en Galicia	1955-07-18	77
Bouza-Brey, Fermín	Un embaixador galego na corte inglesa: Don Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar	1955-10-10	80
Bouza-Brey, Fermín	Recitado "Trova das sete naos" e "Nao senlleira"	1956-01-23	83
Carballo Calero, Ricardo	Galicia polo mundo	1949-02-07	19
Carballo Calero, Ricardo	Poesías paralelas: Amado Carballo e Manuel Antonio	1950-11-13	35
Carré Alvarellos, Leandro	O teatro galego	1949-10-24	25
Carré Alvarellos, Leandro	O mariscal Pardo de Cela	1949-12-19	27
Carré Alvarellos, Leandro	Historia da novela galega	1951-04-23	40
Carré Alvarellos, Leandro	Tradicións de Nadal	1952-01-07	45
Carré Alvarellos, Leandro	Lendas irlandesas relacionadas con Galicia	1954-09-06	70
Carré Alvarellos, Leandro	Libros ingleses que falan de Galicia	1955-12-05	82
Carré Alvarellos, Leandro	A poesía festiva galega	1955-05-23	75
Carro García, Xesús	O cerramento da Porta Santa da Catedral de Santiago	1948-12-17	18
Carro García, Xesús	Unha visita ao mosteiro do Sar	1950-04-12	36
Carro García, Xesús	O botafumeiro da catedral de Santiago	1952-02-25	46
Carro García, Xesús	Compostela nas festas do Ano Santo	1954-07-19	69
Castro, Plácido	Christina Rossetti, en galego.	1949-07-04	23
Castro, Plácido	Dous libros galegos que nos chegan de América: " <i>Cos ollos no esprito</i> " e " <i>Poesía inglesa e francesa vertida ao galego</i> "	1950-02-06	28
Castro, Plácido	Castelao	1950-03-13	29
Castro, Plácido	A recente produción literaria galega	1950-04-12	36
Castro, Plácido	Un galego na corte dos estuados: O Conde de Gondomar	1950-06-12	31
Castro, Plácido	A recente produción literaria galega	1950-09-01	50
Castro, Plácido	Do inglés ao galego, un feixe de poesías	1950-09-29	51
Castro, Plácido	A recente produción literaria galega	1951-03-12	39
Castro, Plácido	A recente produción literaria galega	1951-06-25	42
Castro, Plácido	A recente produción literaria galega	1951-12-03	44
Castro, Plácido	A recente produción literaria galega	1952-02-25	46

Castro, Plácido	A poesía inglesa e o espírito céltico	1952-03-31	47
Castro, Plácido	A recente produción literaria galega	1953-01-26	54
Castro, Plácido	A recente produción literaria galega	1953-07-20	59
Castro, Plácido	A recente produción literaria galega	1954-04-26	67
Castro, Plácido	A recente produción literaria galega	1955-02-07	72
Chamoso Lamas, Manuel	Ribadavia, lenda, historia e realidade dunha vila	1948-06-14	13
Cuevillas, Florentino	Relacións prehistóricas entre Galiza e as Illas Británicas	1948-02-00	9
Cuevillas, Florentino	O outono en Galicia	1948-11-22	17
Cuevillas, Florentino	No centenario de Lamas Carvajal	1949-11-14	26
Cuevillas, Florentino	As cruces de pedra na Galiza	1951-05-21	41
Cuevillas, Florentino	No centenario de Curros Enríquez	1951-10-22	43
Cunqueiro, Alvaro	Recitado de "Canción do amor cortés" e "Illa"	1956-01-23	83
Díaz Jácome, José	Recitado "A lenda do Cristo"	1956-01-23	83
Dieste, Rafael	As colectividades galegas de Bos Aires	1949-09-19	24
Dieste, Rafael	Un conto da noite de reis	1951-01-01	37
Epton, Nina	Una inglesa en Galicia	1953-11-02	62
Fernandez Armesto, Felipe	As relacións culturais entre Inglaterra e Galiza	1947-04-14	1
Fernandez Armesto, Felipe	Santiago de Compostela. Peregrinaxes e cultura galega	1947-07-24	4
Fernández de la Vega, Cel.	Dous escritores ingleses na Praza Maior de Lugo	1950-11-13	35
Fernandez del Riego, Fco.	O celtismo na poesía de Pondal	1948-02-00	9
Fernandez del Riego, Fco.	En lembranza de Manuel Murguía	1948-03-15	10
Fernandez del Riego, Fco.	García Lorca, poeta en galego.	1948-08-30	14
Fernandez del Riego, Fco.	Dúas xeracións ao servizo de Galicia	1948-09-27	15
Fernández del Riego, Fco.	Manuel Antonio: Un poeta do mar	1950-05-01	30
Fernández del Riego, Fco.	Tres símbolos do XIX galego	1950-10-02	34
Fernández del Riego, Fco.	En memoria de Castelao	1953-01-26	54
Fernández del Riego, Fco.	Xeracións de escritores galegos	1953-08-17	60
Fernández del Riego, Fco.	O galeguismo de Valle Inclán	1954-06-07	68
Fernández del Riego, Fco.	O país de Valdeorras	1955-03-21	73
Fernández del Riego, Fco.	Literatura universal na lingua galega	1955-11-07	81
Fernández del Riego, Fco.	Lembranza de A. Fitz.Gerald Bell	1955-04-25	74
Ferreiro, Celso Emilio	Navigantes pontevedreses	1948-10-11	16
Ferreiro, Celso Emilio	Curros Enriquez en Londres	1949-07-04	23
Ferreiro, Celso Emilio	Cántico do Alalá na praia de Coruxo	1953-11-02	62
Fole, Anxel	Lembranza de Xesús Corredoira	1950-05-01	30
Fole, Ánxel	Paisaxe e saudade	1951-12-03	44
Fuller, Frederick	Canciones Jacobeas no gallegas	1947-07-24	4
Fuller, Frederick	Interpretación das cantigas seleccionadas	1948-01-05	8
Fuller, Frederick	As festas de Nadal, Aninovo e Reis en Gran Bretaña	1948-01-05	8
Fuller, Frederick	Canta "Lonxe da Terriña", Texto Aureliano Aureliano Pereira, Música Xoa Montes	1949-03-01	20
González Alegre, Ramón	Recitado "Arousa" e "Cantiga"	1956-01-23	83
González Salgado, Eleuterio	O vacuno na Galiza, importante riqueza	1948-05-17	12

González Salgado, Eleuterio	Notas para a historia dun home de acción: Eduardo Chao Fernández	1949-03-01	20
González Salgado, Eleuterio	San Benito de Cova do Lobo	1950-07-10	32
Iglesia Alvariño, Aquilino	Os sapos líricos de Galicia	1949-05-09	21
Iglesia Alvariño, Aquilino	Un enciclopedista galego: Armando Cotarelo Valledor	1951-02-05	38
Iglesia Alvariño, Aquilino	O primeiro milenario do mosteiro de Sobrado	1953-03-02	55
Iglesia Alvariño, Aquilino	Recitado "Por un espello de Lembranzas", "Eu vou no tren"	1956-01-23	83
López Sanmartín, Teodoro	Anibal e os galegos	1950-09-04	33
Martínez Torner, Eduardo	Selección música	1948-01-05	8
Martínez Torner, Eduardo	Un aspecto da prosa de Valle Inclán	1952-06-16	49
Martínez Torner, Eduardo	Curiosidad Literaria	1955-03-21	73
Martínez-Risco, Sebastián	Concepción Arenal	1951-03-12	39
Martínez-Risco, Sebastián	Recitado "Canteiros", "O chaleque"	1956-01-23	83
Otero Pedrayo, Ramón	Os feitizos do outono	1947-12-08	7
Otero Pedrayo, Ramón	Castelao	1950-03-13	29
Otero Pedrayo, Ramón	Homenaxe a Lamas Carvajal	1949-11-14	26
Otero Pedrayo, Ramón	Fray Jerónimo Feijoo	1952-11-03	52
Pescadores Grove	Canción de pescadores, dirixidos por Francisco Caneda	1953-11-02	62
Piñeiro, Ramón	A poesía de Pimentel na lírica galega	1950-09-04	33
Raimúndez, Alexandre	Lectura de "Os cruceiros" de Cousas de Castelao	1950-03-13	29
Raimúndez, Alexandre	Lectura de "O traxe do meu tío" de <i>A lus do Candil</i> , de Fole	1953-12-07	63
Raimúndez, Alexandre	Recitado de poemas de <i>Advento</i> de Manuel María	1955-08-15	78
Raimúndez, Alexandro	A festa dos maios na Gran Bretaña	1947-05-12	2
Raimúndez, Alexandro	Salutación. Santiago, 1947	1947-07-24	4
Raimúndez, Alexandro	Recitado de poemas de <i>Cómaros Verdes</i> de Aquilino Iglesia.	1948-04-19	11
Raimúndez, Alexandro	Recitado de poemas de <i>Codeseira</i> de Xosé Crecente Vega	1948-09-27	15
Ramón Fernandez-Oxea, X	O Antroido en Galicia	1951-02-05	38
Ramón Fernandez-Oxea, X.	As festas de Nadal e Aninovo e Reis en Galiza	1948-01-05	8
Ramón Fernandez-Oxea, X.	As imaxes relixiosas inglesas en Galicia	1953-04-13	56
Ramón Fernández-Oxea, X.	Despois da colleita	1955-09-17	79
Reckert, Stephen	Galiza: Oucidente da romanía e sur da Celtia	1947-06-09	3
Reckert, Stephen	Individualismo español e individualismo galego	1947-09-22	5
Reckert, Stephen	E extroversión española e a introspección galega	1947-11-03	6
Santalices, Faustino	O romance de don Gaíferos.	1954-03-08	65
Varela Jácome, Bentio	A noite de San Xoán en Galicia	1951-06-25	42
Vázquez Martínez, Alfonso	A primavera, o Miño e a lamprea	1948-04-19	11
Vázquez, Pura	Recitado do poema Xurdimento de Amor	1953-11-02	62
Vázquez, Pura	Unha selección de poemas de <i>Maturidade</i> , inédito	1954-03-22	66
Villar Ponte, Ramón	Curros Enríquez, o poeta da liberdade	1951-10-22	43
Villar Ponte, Ramón	Inglaterra vista por Nicomedes Pastor Díaz	1952-05-05	48
Villar Ponte, Ramón	Frai Martín Sarmiento: un precursor do galeguismo.	1953-05-11	57

Os textos íntegros dos oitenta e tres guións poden ser consultados na obra de Antonio Raul DE TORO, *Galicia desde Londres. Galicia, Gran Bretaña e Irlanda nos programas galegos da BBC (1947-56)*, ed. Tambre, A Coruña (1994).

# COLABORACIÓN ESPECIAIS

## OS PRINCIPIOS DA RADIODIFUSIÓN EN GALICIA

Víctor F. FREIXANES

O primeiro gran acontecemento que se retransmite en directo dende Galicia para o mundo (Santiago de Compostela-Buenos Aires) foi un programa especial, en 1932, para informar a colectividade galega na capital arxentina dos traballos que a prol do Estatuto de Autonomía estaba a realizar a Asemblea de Concellos reunidos para a ocasión. Era o xermolo da campaña do Estatuto que se votaría en xuño de 1936. A radiodifusión aparece en Galicia moi intimamente vencellada a este proceso: a toma de consciencia cultural e política da identidade galega, plataforma tecnolóxica para espallar o discurso da nova modernidade.

Cada tempo ten os seus desafíos e as súas oportunidades. Non é a primeira vez que cito para estas cuestións ao sociólogo norteamericano Neil Postman (1931-2003), discípulo de Marshall McLuhan. "Cada tempo histórico está obrigado a recoñecer e pactar coa súa tecnoloxía", escribe, "e a cultura que non establece ese pacto está condenada a desaparecer" ("Thechnopoly", 1993).

O 15 de xaneiro de 1933 iniciaba as súas actividades en Compostela a emisora Unión Radio Galicia, EAJ4, hoxe Radio Galicia, acollida á lexislación que a Segunda República acababa de aprobar para promover emisoras locais en todo o Estado. A galega foi das primeiras. A idea inicial era instalar o centro emisor en Vigo, que xa entón lideraba a Galicia industrial e moderna, ou na Coruña, máis foi en Compostela onde callou o acordo entre a empresa Unión Radio, de ámbito estatal, e a Liga Pro-Estatuto de Autonomía, que se creara en Santiago poucos meses antes e dende o primeiro momento entendeu as posibilidades do novo medio.

A principios do século XX, o 88,4 por cento da poboación galega era rural, vivía fóra das cidades, en moitos casos isolada, con altos índices de analfabetismo e, por tanto, allea aos medios impresos, que dominaban o discurso da información e entretemento. A socialización producíase nas distancias curtas: a familia, a parroquia, as feiras, os entornos máis próximos de relación e comercio. O discurso dominante establecíao o cura dende o púlpito. A lectura era cousa de minorías que, no mellor dos casos, actuaban como intermediarias coa maioría daquela poboación rural. A aparición da radio supuxo o salto cualitativo, a entrada nunha



nova dimensión: a revolución tecnolóxica que en parte xa viña apuntando o cinema e máis adiante continuaría a televisión.

Logo da aparición da emisora Compostelana axiña xurdiron outras: EAJ40 en Pontevedra, EAJ41 na Coruña, EAJ48 en Vigo, EAJ57 en Ourense, EAJ68 en Lugo... As emisións de Unión Radio Galicia abríanse coas badaladas da catedral: una hora contra o mediodía, de 14:30 a 15:30, e outra hora pola tarde, de 20:00 a 21:00. Antonio Fraguas falaba da súa experiencia como primeiro locutor de probas dende as instalacións da praza da Universidade (a antena estaba no outeiro de San Domingos de Bonaval) e na presenza de profesores da universidade, intelectuais e políticos (Castelao, Alexandre Bóveda, Osorio Tafall, Sebastián González, Filgueira Valverde...). Nese ano 1933 fíxose extraordinariamente popular O Vello dos Contos (Xosé Mosquera Pérez), que viña do teatro das Irmandades da Fala, primeira figura de masas da radiodifusión galega, igual que o Vello dos Cestos (Ramón de Valenzuela) en radio Pontevedra.

Concertos, teatro radifónico (A fiestra Valdeira), consellos para mellorar a agricultura (Luis Iglesias), historia de Galicia, lendas populares, concursos para os máis pequenos, noticias locais e outras que chegaban telefónicamente dende Madrid, intervencións políticas (sobre todo durante a campaña do Estatuto de Autonomía)... Noutro lugar teño escrito sobre estas cuestións. A radio era a nova modernidade, como tal era percibida tanto por parte da poboación como pola xente da cultura e a política, conscientes de que o mundo estaba a mudar moi profundamente. E galego estaba alí, como correspondía á realidade do país. A desfeita veu despois, cando o levantamento contra a República e a durísima postguerra. Ese xa é outro capítulo,



## OURENSE FIXO REALIDADE QUE A BBC FALARA EN GALEGO NA LONGA NOITE DE PEDRA

Xosé Lois Carrión

Son rico e confésso, pero non de cartos. Eu tiven, teño, a inmensa fortuna de ver e tocar desde que nacín a colección practicamente completa da revista Nós, incluído o derradeiro número, o libro As Cruces de Pedra na Galiza dedicado e autografado por Castelao, orixinais de Vicente Risco, Otero... e un par de tomos encadernados coa inscrición Palestras da BBC nos lombos.

Pero esa riqueza débese única e exclusivamente a que son neto de quen son, Leuter González Salgado, O Noso Leuter, como gustaba chamarlle don Ramón Otero. Leuter, e non o digo só por amor de neto, é sen dúbida un dos bos e xenerosos aos que cantou Pondal, un home humilde, calado, que traballou por e para Galicia sen esperar recompensas.

Un dos empeños de Leuter cumpre agora o 14 de Abril -non podía ser mellor data- 75 anos da súa materialización: 14 de abril de 1947, 23,45 h., a emisora británica BBC (British Broadcasting Corporation, ou sexa, Corporación Británica de Radiodifusión) daba inicio ás emisións de Galician Programme, programas en galego.

Non ía ser este o primeiro contacto do meu avó co mundo radiofónico, o 15 de xaneiro de 1933 Leuter González Salgado, en calidade de deputado provincial galeguista por Ourense foi un dos primeiros en falar por unha radio de Galicia na súa tamén primeira emisión. Concretamente no estudo que aínda estaba en probas de Unión Radio, emisora posta en marcha polos autonomistas galegos, falaron xunto con el, Antonio Álvarez Dopazo, alcalde de Ourense; José Carneiro Valenzuela, da Federación Republicana; Sebastián González, do Partido Galeguista, e Fernández Osorio-Tafall, presidente do Comité Central da Autonomía ao que pertencían todos eles, abordando a importancia de que Galicia acadase a súa Autonomía.

Non son quen de imaxinar a alegría e emoción do meu avó e do resto de galegos/as ao escoitaren na radio aquela noite, naquela longa noite de pedra, logo da melodía Cock of the North (cantiga popular escocesa), o de: Emisora de Londres da BBC. C'ó Programa d'ista noite damos comezo ás nosas transmisións en língoa galega". O autor deste primeiro traballo emitido foi Felipe Fernández Armesto, Augusto Assía, que abordou as relacións culturais entre Inglaterra e Galicia. Remataba a



emisión coa frase: Desde Londres, desexamos a todos os nosos ouvintes boas noites, e coa cantiga Alalá de Bande, interpretada pola ourensá Coral de Ruada.

A idea xurdiu de Alexandre Raimúndez Fernández -Xavier Fernández, voz dos programas- quen contactou desde Londres co seu amigo Leuter para recadar axuda para as emisións. Leuter, á súa vez, fala con Xosé Ramón Fernández Oxea, Ben-Cho-Shey, e o que era simplemente unha proposta convértese en realidade, unindo deste xeito anos despois á xente da revista Nós e do SEG (Seminario de Estudos Galegos) á nova ilusión radiofónica.

E do mesmo xeito que Nós naceu en Ourense, os primeiros textos emitidos en galego pola BBC son tamén de autoría ourense, asinados por Fernández Armesto, Raimúndez, Otero Pedrayo, Ben-Cho-Shey, López Cuevillas, Alfonso Vázquez Martínez, Chamoso Lamas e o propio Leuter, quen escribe para a BBC un total de 3 textos. O único artigo económico de todos os emitidos: "O vacuno na Galiza, importante riqueza" (programa número 12 emitido o 17.5.48), "Notas para a historia dun home de acción: Eduardo Chao Fernández" (prog. nº 20, 1.3.49) e "San Benito de Coba de Lobo" (prog. nº 32, 10.7.50) incluídos en Etnografía e Historia.

Os amigos de Leuter e de Ben-Cho-Shey responden á invitación, iso si, retribuída economicamente pola emisora británica.

Orixinalmente era Leuter González Salgado o intermediario dos traballos a radiar. El recibíaos das amizades e enviábaos a Londres. Cando lle chegaban as copias dos guións tamén era el quen os repartía. Son precisamente eses guións dos que falaba ao comezo destas letras, que o meu avó encadernou en dous tomos, Palestras na BBC 1947-51 e Palestras na BBC 1952-56. Os volumes son de coiro vermello. O primeiro volume reúne os guións orixinais de 45 programas (14.4.1947-3.12.51) e o segundo, os restantes (7.1.1952-23.1.56), copias que tamén entregou a Paco del Riego. Estes exemplares, xunto a todos os seus demais libros e publicacións, confioumos aínda en vida o meu avó.

Son afortunado, non si? E máis aínda máis por ser neto de quen son.



## A MÚSICA GALEGA NAS EMISIÓNS EN GALEGO DA BBC (1947-56)

Emilio Rodríguez Portabales

Aínda que a peza musical máis escoitada nas emisións en galego da BBC (1947-56) -unha especie de sintonía de presentación- foi a marcha militar escocesa "Cock o'the North", presente en 81 dos 83 programas emitidos, a música galega sempre estivo presente nos mesmos, cun protagonismo especial da música ourensá. As dúas pezas galegas máis programadas durante todos estes programas foron "Pasacorredoiras d'Arnoya" e "Muiñeira de Cartelle" con 44 e 25 reproducións, respectivamente. Estas dúas pezas estaban interpretadas polo dúo de gaiteiros ourensáns formado por Faustino Santalices e Modesto Sánchez (de Bande e Ribadavia, respectivamente), "solistas do Coro De Ruada". As pezas de De Ruada seleccionadas foron "Alalá de Bande" (en seis ocasións), "Os teus ollos" (en tres), "O quer que lle quer" (en dúas) e "Ay la le lo", "Pandeirada de Trasalva" e "Alalá das Curux eiras" (unha vez cada unha). Todas estas pezas son populares agás "Os teus ollos" (letra de Manuel Curros Enríquez e música de José Castro González Chané), "O quer que lle quer" (composta por Mauricio Farto Parra a partir dun tema popular) e "Ay la le lo" (Harmonización do tema popular "Panadeiriñas de Cea" a cargo de Norberto Almandoz Mendizábal). Foron gravadas todas elas coa casa discográfica Columbia-Regal por Faustino Santalices, Modesto Sánchez e o Coro De Ruada -dirixido por Daniel González e con Virxilio Fernández como gaiteiro- no teatro Principal de Ourense en 1929 (discos RS 1257, RS 1258, RS 1260, RS 1261, RS 1262, RS 1263 e RS 1270).

Faustino Santalices aportou tamén o seu coñecido "Romance de don Gaiferos", con acompañamento de zanfona, que foi emitido no programa número 65, de 8 de febreiro de 1954. Neste caso trátase dunha gravación realizada coa casa Columbia en 1949, cando xa non estaba vinculado a De Ruada.

Dunha peza popular instrumental -gaitas e percusión- descoñécese o título e os intérpretes. Por outra banda, hai dous casos singulares de gravacións artesás: unha en Vigo, interpretando Celso Emilio Ferreiro un alalá e outra no Grove, onde un grupo dirixido por Francisco Caneda interpreta "Canción de pescadores" nunha taberna.

Tamén hai lugar para outros clásicos da música galega: "Adiós a Mariquiña", con letra de Manuel Curros Enríquez e música de José Castro González, Chané; "Meus

amores”, con letra de Salvador Golpe Varela, música de José Baldomir Rodríguez, interpretadas as dúas pola mezzosoprano Concepción Supervía Pascual, Conchita Supervía; “Miña nai por me casare”, cantiga popular arranxada por Graciano Tarragó Pons e interpretada pola soprano Victoria de los Ángeles; “Cantigas de amigo”, con letra de Martín Códax, música do Padre Luis María Fernández Espinosa e interpretada pola Coral Polifónica de Pontevedra; “Unha noite na eira do trigo”, con letra de Manuel Curros Enríquez e música de José Castro González Chané; “Lonxe da terriña”, composición de Xoán Montes Capón sobre un poema de Aureliano Pereira de la Riva, interpretadas as dúas polo barítono británico Frederick Fuller; “Maruxiña”, composición da coruñesa Pilar Castillo Sánchez, Pilita Castillo baseada nun poema de Eduardo Pondal; “Durme”, de Pilita Castillo a partir dun poema de Bernardo Bermúdez Jambrina, descoñecéndose o intérprete tanto nesta cantiga coma na anterior; “Meu amor, meu amoriño”, de Joaquín Nin Castellanos sobre un poema de Rosalía Castro; “Canta o Galo, ven o día”, arranxo de Joaquín Nin sobre un tema popular musicado por Marcial del Adalid; “Os anxeliños da Gloria”, panxoliña tradicional galega, interpretadas as tres pola soprano Concepción Badía de Agustí, Conchita Badía. Todas estas cantigas foron emitidas nunha soa ocasión, agás esta última que se ofreceu en dous programas.

Emitíronse, ademais, varias cantigas relacionadas co Camiño de Santiago: “Dum Pater Familias”, “Ad Honorem Regis Summi”, “Adieu gentilhommes de chambre” e “Es el Apóstol Santiago”.



## ALEXANDRE RAIMÚNDEZ, MEU TÍO

Con motivo do setenta e cinco aniversario dos programas en galego da BBC de Londres, pídenme que escriba unas liñas sobre o meu tío Alexandre Raimúndez.

Os meus recordos, son a penas retazos. Pequenos flashes da infancia de cando os meus país falaban del en voz baixa, e se preguntábase, a resposta era sempre a mesma: "E cousa de maiores, ide xogar". Ou cando de volta dun paseo, parabamos na taberna de Aurora no Posío a tomar un refresco (eu era de Mirinda, a miña irmá de Fanta), onde o meu pai quedaba con Ben-Cho-Sey para que este lle dese o "parte" de como estaba Manolo, pois o meu tío era Alexandre Manuel e na casa chamábase Manolo.

Recordo o cheiro das bolachas de nata con cereixa no medio, que nos enviaba polo Nadal, e ir mercar o turrón a Felisindo, na rúa Lamas Carvajal, e botarlle una man a miña nai a facer o paquete que lles mandábase cada Nadal á súa casa de Paignton, en Devon, no sur de Inglaterra, onde vivía retirado logo da xubilación na BBC de Londres.

Non recordo se foi por carta o nun viaxe ata Ourense (xa estábamos no 1967 ou por aí). O caso é que Tío Manolo acordou cos meus país enviar a miña irmá con 9 anos a Paignton, xunto con outro sobriño, fillo da súa irmá Paz, Luis, a que pasasen con eles –formaba coa súa muller, inglesa, a tía Elizabeth, un matrimonio sen fillos-- un ano para aprenderen inglés.

Esta viaxe concebida antes da súa morte tiña, tamén, como propósito, "pacificar" e normalizar unhas relacións familiares contaminadas pola Guerra Civil, e polos desencontros familiares; era a nosa unha familia algo complicada. Meu avó, pai do locutor, casou dúas veces e tivo "por fóra", outra filla recoñecida. Si. O seu carácter, o de Don Beningo, o famos xastre ourensán, non era precisamente fácil.

Morreu Alexandre Manuel Raimúndez na súa casa de Paignton o día 2 de outubro de 1968. A súa viúva, a tía Luísa, Louise Elizabeth Stivens, anos despois, en 1974. Meu tío deixara dito que me pai lle enviase unha lousa labrada de Piñor nos talleres de Failde para decansar sempre baixo unha pedra galega. Así, agora, no cemiterio de Torqay, hai unha fermosa lápida decorada con vieiras e unha cruz de Santiago, cos seus datos (Alejandro Manuel Raimúndez. Born Orense, Spain, 9th march 1906/ died at Paignton, 2nd October 1968) que remata coa inscrición que el quixo: " Inda que lonxe da súa terra, o espírito está sempre nela, Sempre en Galicia".



# PARA SABER MÁIS:

## Do contexto

LABARTA RODRIGUEZ-MARIBONA, Carolina: "Las relaciones hispano-británicas bajo el franquismo, 1950-1973", *Stud. hist.*, H.<sup>º</sup> cont., 22, 2004, pp. 85-104.

## Das emisións galegas

BLANCO CAMPAÑA, X.L.: *Radio e prensa na Galicia exterior*, col. A nosa Diáspora da emigración e galegitude. Xunta de Galicia (1995).

DE TORO, A. Raul, *Galicia desde Londres. Galicia, Gran Bretaña e Irlanda nos programas galegos da BBC (1947-56)*, ed. Tambre, A Coruña (1994).

DURÃO, Carlos: "Noticia das emissões galegas da BBC" en I Congreso Internacional de literaturas lusófonas. Nós. *Revista de Lusofonia*. nº 19-28, Pontevedra-Braga (1990-91).

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. (baixo o heterónimo de Cosme Barreiros): "Galicia na BBC de Londres", en *Galicia 1950-1980. Trinta anos de cultura*, publicación conmemorativa da editorial Galaxia, Vigo (1980).

FERNÁNDEZ FREIXANES, V.: "Radiodifusión" en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 26 (1984).

FERNÁNDEZ FREIXANES, V.: "Primeiro pasos do galego na radiodifusión (1933-1936). A primeira radio galega", *Eduga: revista galega do ensino*, nº 29, p.51-66, (2000).

FERNÁNDEZ FREIXANES, V.: "Os primeiros pasos do galego na radio (1933-1936)", *Grial*, nº 180, pp. 37-45, (2008).

MANEIRO VILA, Arturo: *Historia da radiodifusión en Galicia (1)*, Fundación Caixa Galicia, A Coruña (1993).

MANEIRO VILA, Arturo: "Unión Radio Galicia. A emisora do Estatuto", *Grial*, nº 180, pp. 28-35, (2008).

REBOLO VÁZQUEZ, Mónica: "A voz do exterior. A radio galega máis sentida", *Grial*, nº 180, pp. 46-51, (2008).

REBOLO VÁZQUEZ, Mónica: "A voz de Galicia fóra de Galicia. A Radio exterior" En: RODRÍGUEZ, M. (Coord.), *Galicia pola radio. A historia Falada 1933-2008*. Santiago de Compostela: Bolanda. pp.43-57 (2011).

RIOS, Xulio, et alii; Pácido Castro no Centenario, Col. *Textura Internacionais 4*, Ed. IGADI, Baiona, (2002).

RIOS, Xulio: *Plácido Ramón Castro del Río*, Col. *Galegos na Historia*, ed. Ir Indo, Vigo (1997).

RODRIGUEZ, Manuel M.: *Noticias de Galicia na radio de fin de século*, Edicións Lea, Santiago (2003).

RODRÍGUEZ, Manuel M (Coord.): *Galicia pola radio. A historia Falada 1933-2008*. Santiago de Compostela: Bolanda. (2011).

SOENGAS, Xosé: *75 anos de radio en Galicia*. En: RODRÍGUEZ, M. (Coord.), *Galicia pola radio. A historia Falada 1933-2008*. Santiago de Compostela: Bolanda. pp.21-41. (2011).

VAZQUEZ-MONXARDIN FDEZ., Afonso: "Recuperación histórica dos guións radifónicos da BBC en galego", en *Caderno de Cultura, La Voz de Galicia* (14 de xuño de 1984).



VAZQUEZ-MONXARDIN FDEZ., Afonso "As emisións en galego da BBC de Londres (1947- 1956)", IV Congreso Internacional de Estudos Galegos Actas II. Literatura e Historia, Oxford, p. 509-532 (1997).

VAZQUEZ-MONXARDIN FDEZ., Afonso: As emisións en galego da BBC e Plácido Castro, XXIII Conferencia anual Plácido Castro, Fundación Plácido Castro, Ed. IGADI, Baiona, (2022).

### Das memorias e viaxes

EPTON, Nina: Uvas e granito (Unha viaxe por Galicia), edición de Antonio e Francisco Fernández del Riego, Ed. Ir indo (1993).

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: O río do tempo. Unha historia vivida, Ed. do Castro, Sada (1990).

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: A xeración Galaxia Ed. Galaxia, Vigo (1996).

### Das emisións catalás

BOIX I NAVARRO, Mercé: "Josep Manyé i Vendrell, Jorge Marín, Escriptor i periodista (Barcelona 1908-2000)" ANC Butlletí del Axiu Nacional de Catalunya, n.23 xuño 2009 ([https://issuu.com/anc\\_acciocultural/docs/anc23/13](https://issuu.com/anc_acciocultural/docs/anc23/13))

GARCÍA-RIPOLL DURÁN, M. e NIQUI ESPINOSA, Cinto: La ràdio en català a l'estranger, Servei de Publicacions de la Universitat Autònoma de Barcelona (2007).

NIQUI, Cinto: "Cronología de la radio internacional en lengua catalana del siglo XX", Cuaderns del QAC (Consell de l'Audiovisual de Catalunya) n. 28 (2007).

SINTES-OLIVELLA, Marçal e COLOMINES I COMPANYS, Agustí (2019). "Jorge Marín, el olvidado reportero londinense de Destino". adComunica. Revista Científica de Estrategias, Tendencias e Innovación en Comunicación, (17), 167-186. DOI: <http://dx.doi.org/10.6035/2174-0992.2019.17.10>

### Das emisións vascas:

ARRIETA ALBERDI, Leyre e RODRÍGUEZ RANZ, J.A.; Radio euskadi, la voz de la libertad – iparralde 1946-1954, Venezuela 1965-1977, ed. Euskal Telebista (1998).

ARRIETA ALBERDI, Leyre: La historia de Radio Euskadi: Guerra, resistencia, exilio, democracia: Volume 77 (Biblioteca de Cultura Vasca – Euskal Kultura Bilduma). Editorial Ekin (2015).



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21·22